



BOP

LUNS, 2 DE FEBREIRO DE 2026

N.º 026

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 28 de xaneiro de 2026, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de "Conversión en autovía do corredor Nadela - Sarria. Treito: Nadela - A Pobra de San Xiao", de clave LU/21/218.01, nos Concellos Lugo, O Corgo e O Páramo.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado de "Conversión en autovía do corredor Nadela - Sarria. Treito: Nadela - A Pobra de San Xiao" de clave LU/21/218.01, produciuse en data 13 de outubro de 2025 por Acordo do Consello da Xunta de Galicia e foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 205 con data 23 de outubro de 2025. Esta aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a reformulación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño de Estradas de Galicia.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo, para que comparezan nos lugares, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Lugo.

Lugar: Lugar: Salón de actos do Centro Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 27001 Lugo)

Data: 24 de febreiro de 2026, das 10:00 ás 12:40 horas.

Concello de O Corgo.

Lugar: Centro Sociocultural do Corgo (Estrada Nacional VI, 53, 27163 O Corgo, Lugo).

Data: 25 de febreiro de 2026, das 10:00 ás 13:20 horas.

Data: 26 de febreiro de 2026, das 10:00 ás 11:20 horas.

Concello O Páramo.

Lugar: Casa do Concello de O Páramo (Calle Vilarmosteiro, 0 S-N, 27363 O Páramo, Lugo).

Data: 26 de febreiro de 2026, das 13:00 ás 13:20 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos nos concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de

Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 – 27071 Lugo), e publicaranse no seguinte enlace da páxina web da Consellería:

https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/avisos?content=aviso_0380.xml

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e na data que se indican:

Concello de Lugo.

Lugar: Lugar: Salón de actos do Centro Uxío Novoneyra (Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, 27001 Lugo)

Data: 21 de abril de 2026, das 10:00 ás 12:40 horas.

Concello de O Corgo.

Lugar: Centro Sociocultural do Corgo (Estrada Nacional VI, 53, 27163 O Corgo, Lugo).

Data: 22 de abril de 2026, das 10:00 ás 13:20 horas.

Data: 23 de abril de 2026, das 10:00 ás 11:20 horas.

Concello O Páramo.

Lugar: Casa do Concello de O Páramo (Calle Vilarmosteiro, 0 S-N, 27363 O Páramo, Lugo).

Data: 23 de abril de 2026, das 13:00 ás 13:20 horas.

No mesmo acto ofertaráselles aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Lugo, 28 de xaneiro de 2026.- O xefe do servizo provincial de Axencia Galega da Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 0224

CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS

Polo Sr. Alcalde do Concello de Cospeito ditouse Resolución en data 28/01/2026, pola que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a cobertura dun posto de Oficial de Primeira, que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por Resolución da Alcaldía número 2025-0794 aprobáronse as bases que rexerán a convocatoria e o proceso selectivo para a cobertura dun posto de Oficial de Primeira e convocáronse as probas selectivas mediante o sistema de oposición libre para a provisión en propiedade do posto referenciado.

O texto íntegro das bases reguladoras da convocatoria e do proceso selectivo publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 263, de data 15/11/2025, e no Taboleiro de Anuncios do Concello. Así mesmo estivo a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Publicouse no Boletín Oficial do Estado número 291, de data 04/12/2025, e no Diario Oficial de Galicia número 238, de data 10/12/2025, o anuncio da convocatoria, computándose o prazo de presentación de solicitudes polos interesados a partir da data de publicación no Boletín Oficial do Estado.

Vistas as solicitudes presentadas no prazo de 20 días hábiles a contar dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, que a continuación se detallan:

	APELIDOS E NOME	DNI	DATA ENTRADA SOLICITUDE	NÚM. REXISTRO ENTRADA
1.	LOPEZ MOSQUERA, JORGE	**8313***	05/12/2025	2025-E-RE-938
2.	RIO MASEDA, LICINIO	**3417***	08/12/2025	2025-E-RE-939
3.	PÉREZ CORRAL, MIGUEL	**5801***	11/12/2025	2771
4.	ANIDO RODRÍGUEZ, JOSÉ MANUEL	**3191***	12/12/2025	2778
5.	GÓMEZ GARCÍA, CARLOS	**5416***	16/12/2025	2810
6.	PENA SOMOZA, DIEGO	**2834***	22/12/2025	2862
7.	REGUEIRA LOZANO, JULIO JOSÉ	**5810***	23/12/2025	2868
8.	TEIJEIRO ENGROBA, ÁLVARO	**5782***	23/12/2025	2871
9.	DÍAZ FRAGA, JOSÉ LUIS	**5359***	24/12/2025	2878
10.	GIL MORADO, JACINTO DANIEL	**3215***	30/12/2025	2911
11.	LOMBARDÍA CASTRILLÓN, JAVIER	**2860***	02/01/2026	8
12.	RODRÍGUEZ PARIS, DANIEL	**2928***	05/01/2026	17

Atendendo ao establecido na cláusula sexta das bases que rexen o proceso selectivo:

“[...]Nas instancias os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e achegarán inescusablemente os documentos que se relacionan:

a) Solicitud nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

b) Copia do documento nacional de identidade (DNI), pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

[...]

c) Titulación exixida no punto quinto das bases. (ESO, Graduado escolar, formación profesional de primeiro grado ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.)

d) Permiso de condución B

e) Título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou equivalente. No caso de non acreditalo realizarase unha proba de galego.

f) Declaración xurada específica dos seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes en dita praza.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

- Non estar incurso en incompatibilidade, de acordo co establecido Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou no caso de incorrer en algunha incompatibilidade declaración xurada da actividade/es, horario e retribucións[...].

De conformidade co disposto na cláusula sétima das referidas bases:

[...] Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará a Resolución pola que declarará aprobada a lista PROVISIONAL de persoas admitidas e excluídas no prazo máximo dun mes, xunto coas causas de exclusión, que se fará pública no B.O.P, no taboleiro de anuncios e na Sede electrónica desta entidade.

As persoas aspirantes excluídos/as e os/as que non figuren na relación de admitidos/as e excluídos/as, disporán de un prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación no B.O.P., aos efectos de emenda das causas de exclusión ou para advertir dos erros que, no seu caso, se tivera derivado da súa omisión na mesma. As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a súa exclusión ou non alegasen omisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro do prazo, a lista provisional de admitidos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo, a Alcaldía aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Nesta resolución designarase aos membros do tribunal, a data, lugar e hora na que se citará ao tribunal para a súa primeira sesión (constitutiva) así como o inicio da primeira proba do proceso selectivo. Esta resolución xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as se fará pública no B.O.P., no taboleiro de anuncios e na Sede electrónica desta entidade.[...]"

Visto canto antecede e de conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo referenciado, **RESOLVO:**

PRIMEIRO - Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso citado:

ASPIRANTES ADMITIDOS/AS			
	APELIDOS E NOME	DNI	PROBA DE GALEGO
1.	LOPEZ MOSQUERA, JORGE	**8313***	SI X NO
2.	RIO MASEDA, LICINIO	**3417***	SI X NO

ASPIRANTES EXCLUIDOS/AS				
	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA EXCLUSIÓN	PROBA DE GALEGO
1.	PÉREZ CORRAL, MIGUEL	**5801***	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	SI X NO
2.	ANIDO RODRÍGUEZ, JOSÉ MANUEL	**3191***	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	X SI NO
3.	GÓMEZ GARCÍA, CARLOS	**5416***	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	SI X NO
4.	PENA SOMOZA, DIEGO	**2834***	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	SI X NO
5.	REGUEIRA LOZANO, JULIO JOSÉ	**5810***	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	X SI NO
6.	TEIJEIRO ENGROBA, ÁLVARO	**5782***	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	SI X NO
7.	DÍAZ FRAGA, JOSÉ LUIS	**5359***	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	SI X NO

8.	GIL MORADO, JACINTO DANIEL	**3215**	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	SI X NO
9.	LOMBARDÍA CASTRILLÓN, JAVIER	**2860**	Non aporta : Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	SI X NO
10.	RODRÍGUEZ PARIS, DANIEL	**2928**	Non aporta: Declaración xurada específica a que fai referencia a cláusula sexta das bases	X SI NO

SEGUNDO.- As persoas aspirantes excluídos/as e os/as que non figuren na relación de admitidos/as e excluídos/as, disporán de un prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación no B.O.P., aos efectos de emenda das causas de exclusión ou para advertir dos erros que, no seu caso, se tivera derivado da súa omisión na mesma. As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a súa exclusión ou non alegasen omisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro do prazo, a lista provisional de admitidos elevarase a definitiva.

TERCEIRO.- Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior, a Alcaldía aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Nesta resolución designarase aos membros do tribunal, a data, lugar e hora na que se citará ao tribunal para a súa primeira sesión (constitutiva) así como o inicio da primeira proba do proceso selectivo. Esta resolución xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as se fará pública no B.O.P., no taboleiro de anuncios e na Sede electrónica desta entidade.

Cospeito, 28 de xaneiro de 2026.- O alcalde-presidente, don Armando Castosa Alvariño.

R. 0225

GUNTÍN

Anuncio

Número de expediente: G 132/2020.-

Non podéndose practicar a notificación persoal da Resolución da Alcaldía nº 2025-0429, de data 19 de decembro de 2025, e ó amparo do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notifícaseos titulares do inmovible de referencia catastral 6493428PH0469S0001HY situado no Camiño de Corral s/n – Guntín de Pallares, no contorno de protección da Casa da Torre/Catalogada, neste Termo municipal, resolución da alcaldía pola se seacorda o inicio de expediente de declaración de ruínaou ben se proceda á rehabilitación do mesmo.

Faise público ós efectos de alegaciónsoureclamacións ó respecto no prazo de quince días, a contar dende o día seguinteó da publicación no BOE.

Guntín, 27 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 0226

LUGO

Anuncio

PRIMEIRO.-A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2025 adoptou, entre outros, o acordo 3/457 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A QUENDA LIBRE (OEP 2021, 2022 E 2023) , en cuxa parte dispositiva se fai constar:

“PRIMEIRO.- Designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a DEZ PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2021, OEP 2022 E OEP 2023), do seguinte xeito:

Presidente:

- D. Jesús Rey Modia, Arquiveiro do Excmo. Concello de Lugo

Suplente: D. Cesar Jose Castiñeira Muiña, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Marta Jesús Otero López, Directora da Escola infantil Gregorio Sanz do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Maria Luisa Vila Fernandez, Xefa de sección de Fiscalización previa do Concello de Lugo.

- Dona María Nieves Mourenza Vazquez, Xefa de Grupo no Concello de Lugo

Suplente: Dona Sandra Barcia Gonzalez, Xefa de Grupo no Concello de Lugo.

- D. Carlos Bargueiras Vazquez, Xefe de Negociado (Delineante) no Concello de Lugo.

Suplente: Dona Maria Hortensia García Montero, Xefa de negociado no Concello de Lugo

Secretario/a:

- Dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente”

SEGUNDO.- A Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, con data 27 de xaneiro de 2026 ditou o decreto nº615/2026 que a continuación se transcribe literalmente:

“DECRETO

Ilma. Sra. dona Ana María González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente relativo a: proceso selectivo para o acceso en propiedade a 12 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en relación exclusivamente coas prazas correspondentes ás ofertas de emprego público dos anos 2021 e 2022

Visto a proposta do Director Xeral de recursos humanos, de data 27 de xaneiro de 2026, do teor literal seguinte:

“ ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

I. Acordo número 10/759 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado en sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2021.

II. Acordo número 11/590 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2022, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2022.

III. Acordo número 4/936 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2023.

IV. Decreto número 2630/2024 do día 21 de marzo de 2024 ditado polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da Área de xestión integral de recursos internos do Concello de Lugo mediante o cal se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 12 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 10 en quenda de acceso libre (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023) e 2 en quenda de acceso libre reservadas a persoas con discapacidade (OEP 2021 e OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 86 de 13 de abril de 2024.

V. Decreto número 3334/2025 do 3 de abril de 2025 polo que se resolve aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo correspondente a 10 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023), convocado polo Decreto Nº: 2630/2024.

VI. Decreto número 9777/2025 de 20 de outubro de 2025 polo que se resolve a aprobación lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2630/2024 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023),.

VII. Acordo número 3/457 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo en sesión celebrada o día 12 de novembro de 2025 sobre “DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A 10 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO QUENDA LIBRE (OEP 2021, 2022 e 2023)”.

VIII. Acordo número 1/502 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, adoptado en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A cuestión relativa a si o prazo de tres anos sinalado no inciso final do artigo 70.1 TRLEBEP debe entenderse cumprido cando dentro dos tres anos dende a aprobación da oferta de emprego público (en diante OEP) se desenvolva íntegramente todo o proceso selectivo que comporta a OEP ou, polo contrario, tal obriga se debe entender cumprida coa publicación da convocatoria do proceso selectivo ou outro acto que supoña o desenvolvemento parcial da mesma foi resolto definitivamente mediante a sentenza número 930/2025 de 9 de xullo, da Sala do contencioso – administrativo do Tribunal Supremo que estima un recurso de casación e que entendemos, ven a poñer fin a este debate, establecendo que “(...) a efectos del artículo 93.1 de la LICA, declaramos - como regla general- que el plazo de tres años del artículo 70.1 del EBEP, se cumple cuando el proceso selectivo convocado para ejecutar la OEP se desarrolle íntegramente dentro de ese plazo.”

Como consecuencia desta xurisprudencia, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo adoptou o Acordo número 1/502 en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2025, mediante o cal se declara a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo dos anos 2017, 2018, 2020, 2021 e 2022 que non foron executadas no prazo de tres anos establecido no artigo 70 do TRLEBEP.

SEGUNDA. O proceso selectivo para o acceso en propiedade a 12 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 10 en quenda de acceso libre (OEP 2021, OEP 2022 e OEP 2023) e 2 en quenda de acceso libre reservadas a persoas con discapacidade (OEP 2021 e OEP 2023), publicado no BOP de Lugo número 86 de 13 de abril de 2024, resulta inevitablemente afectado polas anteriores resolucións xudiciais e administrativas, xa que estaba a executar prazas correspondentes á OEP 2021 (5 prazas auxiliares administrativas/as da escala de administración xeral, subescala auxiliar C2, das cales 1 praza reservada a quenda de persoas con discapacidade e 1 reservada a persoas con discapacidade intelectual), á OEP 2022 (3 prazas de Auxiliares Administrativos/As da Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar C2) e á OEP 2023 (6 prazas auxiliares administrativas/as da escala de administración xeral, subescala auxiliar C2, das cales 4 libres e 1 praza reservada a quenda de persoas con discapacidade e 1 reservada a persoas con discapacidade intelectual)

Dado que as ofertas de emprego público dos anos 2021 e 2022 no foron executadas no prazo de tres anos, a declaración de caducidade acordada pola Xunta de Goberno Local exténdese a todos aqueles actos administrativos que traen causa nesas ofertas de emprego polo que procede deixar sen efecto o proceso selectivo en relación exclusivamente coas prazas correspondentes a estas dúas ofertas de emprego.

TERCEIRA. Porén, as prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023 non están afectadas pola declaración de caducidade acordada polo órgano municipal competente polo que resulta necesario e procedente conservar os actos administrativos ditados no procedemento iniciado e continuar o mesmo en relación ás prazas correspondentes a esta última oferta de emprego, 4 libres e 1 praza reservada a quenda de persoas con discapacidade e 1 reservada a persoas con discapacidade intelectual.

Concretamente, e polo que respecta ás 4 prazas correspondentes á quenda de acceso libre, o Concello está en disposición de comenzo a realización do proceso selectivo.

Por todo o exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 do 19/01/2024 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, propónselle á Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde delegada da Área de xestión integral de recursos internos a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 12 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en relación exclusivamente coas prazas correspondentes ás ofertas de emprego público dos anos 2021 e 2022.

SEGUNDO. Conservar todos os actos administrativos ditados no citado procedemento selectivo convocado mediante o Decreto número 2630/2024 do día 21 de marzo de 2024 e continuar co mesmo en relación coas

prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2023 (4 prazas de auxiliar administrativo en turno libre e 1 reservada a persoas con discapacidade)

TERCEIRO. *Fixar como data para a celebración do primeiro exercizo correspondente ás 4 prazas en quenda de acceso libre o día 10 de febreiro de 2026 ás 10:00 horas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo (Avenida dos Deportes s/n, 27004 Lugo).*

CUARTO. *Designar como persoal colaborador do tribunal de selección ás funcionarias municipais do Concello de Lugo dona Elisa Graña Piñeiro e dona Maria Elena Rodríguez García.*

QUINTO. *Publicar o acordo no Taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar que se trata dun acto de trámite cualificado e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:*

- *Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.*

- *Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.*

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente”.

En base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024,

RESOLVO:

